

## Concurso de Traballo por Proxectos 2022-23

### TECENDO IDENTIDADE(S) NA II REPÚBLICA

**Código:**15015743

**Centro:** IES ARCEBISPO XELMÍREZ I

**Localidade:** SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Provincia:** A CORUÑA

#### 1.- INTRODUCIÓN

O obxectivo principal da Biblioteca do IES Xelmírez I despois da pandemia foi o de recuperar un espazo que consideramos clave na vida do alumnado. Os esforzos destes dous cursos tiveron como finalidade convertela nun punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias, que facilitase a aprendizaxe, a creatividade, o traballo colaborativo e dinamizase a vida cultural do centro. Así mesmo, respondendo aos obxectivos do Plan LÍA, procuramos desenvolver as alfabetizacións múltiples e deseñar programas para a mellora da competencia ALFIN e AMI.

É esta a razón pola que deseñamos un PDI que integrase a maioría do profesorado e a totalidade do alumnado de ESO e Bacharelato, que se deu a coñecer no 1º claustro do mes de setembro (explicamos o calendario e organización no punto 3: Proceso).

O período histórico abordado permitíanos conectar cos contidos curriculares de todas as materias e, ademais, seguindo os preceptos da Institución Libre de Enseñanza: educar na coeducación e no respecto pola muller; fuxir do exame teórico, do libro de texto e da lección maxistral, convertendo o alumnado no centro da aprendizaxe; así como educar unha cidadanía crítica e conectada

con problemas reais da sociedade. Saber quen fomos para poder entender o que somos.

Cada unha das 25 persoas docentes implicadas no proxecto desenvolveu [contidos](#), estándares de aprendizaxe e [criterios de avaliación](#) establecidos nas correspondentes programacións de aula. Todas as materias reforzaron as competencias clave para o desenvolvemento individual e social do noso alumnado. Así:

**Competencia dixital (CD).** Na inmensa maioría das actividades, o alumnado tivo que buscar, seleccionar información e transformala en coñecemento, crear, presentar e publicar contidos empregando as TIC's como ferramenta: usando Google earth, Google maps, Genially, Canva, Clipchamp...

**Competencia en comunicación lingüística (CL).** En todas as actividades do proxecto se reforzou a competencia escrita e/ou a oral, preferentemente esta última e maioritariamente en galego, feito moi necesario nun centro urbano como o noso; pero tamén nas demais linguas que se imparten no Xelmírez I: alemán, inglés, francés, portugués e castelán.

**Competencias Sociais e Cívicas (CSC).** O coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís traballouse en todas as materias. Outro tanto ocorre coa competencia social, na que se analizaron de maneira crítica os códigos de conduta, as tensións e procesos de cambio social, a igualdade entre homes e mulleres e a relación entre sociedade e cultura (Xelmanovas Feminista, Mujeres Libres, Do local ao social...)

**Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** Competencia requirida de xeito transversal en todas as actividades do proxecto, xa que o alumnado traballou praticamente sempre en grupo e iso implicaba procesos de planificación e toma de decisións.

desenvolvemento desta competencia implica actitudes e valores persoais de interese e respecto polas diferentes manifestacións culturais e pola conservación do patrimonio, incorporada en actividades como *O que nos contan os carteis*, *Generation Wir*, *Um sonho compartido...*

**Aprender a aprender (CAA).** A motivación do alumnado e a súa implicación activa foi un ingrediente fundamental para sacar adiante este ambicioso PDI. O traballo cooperativo por grupos, xestionando os tempos e a información de maneira eficaz, permitiulle ao alumnado aprender dun xeito cada vez máis autónomo.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CCMCT).** A comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, así como a explicación da contorna natural e social, empregando un conxunto de coñecementos e tecnoloxías foi o labor desempeñado durante todo o curso na Aula Bosque e na Aula Río (A escola da vida), así coma nas aulas de Xeografía (emulando os cadernos de Xeografía da II República).

## 2.- OBXECTO

Aínda que o noso alumnado ten a sorte de medrar e formarse nunha sociedade aberta, plural e democrática, nas aulas o concepto da **identidade**, tanto dende o punto de vista persoal coma social e cultural, queda moitas veces diluído ou tratado dende un único punto de vista.

Foi esa a razón pola que o curso pasado decidimos botar a andar dende a biblioteca un proxecto integrador que acompañase e guiase o noso alumnado na construción da súa identidade persoal, social e cultural, e naceu Tecendo Identidade(s).

Este tema paraugas que nos permitiu acoller iniciativas de moitas materias diferentes resultaba, por veces, amplo de más; cumpría acoutalo a un

na II República, por ser este un período de reinención e nacemento de novas identidades, de importantes avances científicos e sociais, no que cultura e muller ocupan un lugar central; un espazo esencial para a aprendizaxe da cidadanía democrática.

Había aínda unha razón máis: queríamos render homenaxe a un período histórico no que se fai un esforzo moi importante por transmitir o potencial revolucionario e universalizador da cultura e no que as bibliotecas ocupan un lugar central como elemento dinamizador.

### 3.- PROCESO

Acordamos as liñas xerais do noso PDI no mes de xuño de 2022, e deixamos listo o [tríptico informativo](#) que se entregou ao profesorado no 1º claustro do mes de setembro.

Retomouse o [tema na 1ª CCP](#) do curso. Ademais, coa axuda do equipo directivo, trasladamos información boca a boca á práctica totalidade dos docentes (somos un centro con moitísimos proxectos distintos en marcha, polo que conseguir profesorado para outro máis non era tarefa fácil).

Deseñouse cartelaría para anunciar as reunións e fórmonse realizando xuntanzas informais co profesorado implicado ao longo de todo o curso co fin de detectar necesidades e ver a evolución do proxecto. Houbo, asemade, tres xuntanzas grupais en horario de tarde, nas que contamos co asesoramento da [Cooperativa Gyngko](#), especializada en Comunicación e Educación. O 1º trimestre, tal como adiantaramos ao comezo de curso, foi de organización e os dous seguintes de desenvolvemento e exposición final. Se ben algunas persoas, que coñecían a dinámica do PDI por ter participado o curso pasado, iniciaron xa o traballo co alumnado no 1º trimestre.

### 4.- DOCUMENTACIÓN

- Tríptico informativo que se entregou ao profesorado no 1º claustro do mes de setembro.
- Documento compartido de Drive para o profesorado
- Información sobre PDI
- Documentación sobre narrativas dixitais
- Cadro- resumo estado dos proxectos no mes de xaneiro
- Cartelaría anunciando reunións. Outro exemplo
- Material elaborado para a alfabetización dixital
- Algún modelo de presentación ao alumnado: Tecendo os fíos da memoria (2º Bac). Xogamos a estar vivas? (2º ESO), Aula bosque e Aula río (1º Bach), Atlantismo (4º ESO).
- Plotter xigante colgado no corredor central que dá conta dos proxectos e dos departamentos implicados.

## 5.- TAREFAS

### Alemán: Generation Wir

Google earth foi a ferramenta emplegada polo alumnado de alemán para deseñar un mapa interactivo que recolle as influencias da intelectualidade alemá nos membros da Xeración Nós.

### Bioloxía: A escola da vida

Traballo realizado ao longo de todo o curso na Aula Bosque (carballeira de S. Lourenzo) e na Aula Río (Sarela), polo alumnado de 4º ESO e 1º Bacharelato. Eles e elas abren a cápsula do tempo da Escola da II República e descobren os “principios dunha nova pedagogía” vixente na actualidade: educación científica, física e emocional, formación da cidadanía, espírito crítico, creatividade e traballo cooperativo.

Neste contexto, desenvolven actividades segundo o modelo de pedagogía ao aire libre. Empregan a natureza como medio de aprendizaxe para descubrir a

estrutura e dinámica dos ecosistemas e analizar o noso papel como parte destes (os servizos ecosistémicos, impactos e restauración). Asemade, empregan a metodoloxía científica como complemento ás investigacións no laboratorio e pescudan a importancia da Ciencia na II República. Os produtos realizados son múltiples: vídeo, infografía, exposición, materiais artesanais...

### **Debuxo Artístico: O que nos contan os carteis**

Nas aulas de Debuxo Artístico analizáronse carteis da época para estudar a tipografía, a composición e as técnicas do estilo modernista e vanguardista. Tamén se revisou a información que achegaban sobre este período histórico: o Estatuto de Autonomía, as festas populares... Nun segundo momento, o alumnado reproduciu esta cartelaría e posteriormente realizou bocexos ilustrativos do noso PDI reproducindo o aprendido: tipografías, composición, cores...

### **Economía: Do local ao social**

Traballo de investigación realizado nas aulas de 1º de Bacharelato. O alumnado, organizado en grupos de traballo, recompilou información nas fontes do Arquivo Histórico Universitario que contén as Actas e Bandos da Corporación Municipal do período 1931- 1936. Nel abórdase a política social desenvolvida polo Concello de Santiago durante a II República, especialmente nas cuestións educativas e no ámbito hixiénico-sanitario. O obxectivo último era que o alumnado coñecese como dende as institucións públicas se poden corrixir as carencias e os desequilibrios sociais da cidadanía.

### **EDL e grupo de teatro *Vai no dentista***

O 21 de xuño fixemos unha “exposición universal” de todos os produtos do noso PDI. O grupo de teatro foi o encargado de presentar a actividade desenvolvida por cada un dos departamentos. Así mesmo, dúas alumnas

puxeron en escena un fragmento modificado de

*Victoria viene a cenar*, escrito pola autora Olga Minguez Pastor, que reproduce o debate polo voto feminino entre Clara Campoamor e Victoria Kent.

### **Educación Física: O deporte primeira arma feminista**

Dende Educación Física realizouse unha análise da documentación que puxo en valor a materia neste período: a loita pola adquisición dun status profesional e polo recoñecemento da Educación Física dentro do currículo educativo.

Obxectivo non menos importante có anterior foi o de descubrir o proceso de emancipación feminina e asistir ao desenvolvemento da “muller moderna”, definido pola súa incorporación ao mundo cultural, profesional e deportivo. O traballo deu visibilidade ás mulleres que foron pioneiras no deporte galego servindo de referente para outras moitas.

### **Filosofía e Historia: A escola da II República**

A reforma educativa da II República tentou ser un avance na educación, na cultura e na integración do mundo rural, das clases urbanas desfavorecidas e da muller. Esforzouse por democratizar e poñer a España ao nivel doutros países europeos da época. O seu obxectivo prioritario foi erradicar o analfabetismo e levar a luz da razón e do coñecemento a toda a poboación, rompendo co monopolio educativo da igrexa católica.

O alumnado de 4º da ESO pretende desta maneira contextualizar a filosofía e os valores que inspiran a nosa escola do século XXI. Todo o alumnado participa na investigación, elaboración do guión, gravación e montaxe dun vídeo divulgativo.

### **Francés: II República e III République française- connexions**

O alumnado de 2º ESO realiza infografías sobre dúas galegas imprescindibles neste período: María Casares e Araceli González. En 3º ESO investiga sobre material gráfico da época: xornais, revistas, cartelaría, libros... e realiza

“collages” que dan conta do apoio de Francia á

República Española e establecen conexións entre ambas.

### Galego

O alumnado investigou nomes (sobre todo, de mulleres) e lugares emblemáticos, moitas veces esquecidos, da Compostela republicana. Nunha primeira fase, as alumnas e alumnos de 1º e 2º BAC realizaron un traballo de investigación que derivou en producións audiovisuais (máis de 100) acerca de diferentes puntos de referencia e persoeiros emblemáticos para explicar a súa historia e a relevancia. O alumnado de 1º BAC realizou 40 entrevistas a persoas expertas neste período republicano e expuxo nas aulas de 2º ESO algúns dos seus traballos. Isto serviu de introdución para que o alumnado de 2º ESO elaborase infografías e vídeos divulgativos sobre mulleres relevantes en distintos ámbitos, así como o telexornal Xelminovas feminista.

### Imaxe e Son

O alumnado de Bacharelato na materia optativa de audiovisual investiga sobre a importancia do cinema neste momento e realiza catro curtametraxes: Misións Pedagóxicas, Díaz Baliño, Isabel Ríos, Rodríguez Cadarso.

### Inglés: Atlantismo. Influencia de Irlanda na Xeración Nós

As materias de alemán, inglés, portugués e francés abordaron o afán europeizador da Xeración Nós. Dende inglés, o labor de investigación plasmouse en distintas presentación de aula, así como en 20 carteis que conforman unha exposición na que se analizan a relación Galicia-Irlanda a comezos de século. Neles establecéntense estes vínculos que permiten ver como a admiración que os membros da Xeración Nós sentían por Eirin guiará os esforzos na reivindicación da identidade galega e na posterior redacción dun Estatuto de Autonomía.

Elaboración dun cuestionario para o visionado da exposición *O ensino na II República*, que foi visitada por todo o alumnado da ESO.

Como tarefa final e co fin de afianzar coñecementos, realizouse un *kahoot*.

### **Portugués: Um sonho compartido**

O alumnado de portugués, 2º Idioma, procurou información sobre as relacións entre personalidades do galeguismo e da intelectualidade portuguesa durante a II República. As fontes de información foron xornais e revistas da época que recollían encontros, contactos e participación en organismos de ambos países.

O traballo, realizado en pequeno grupo de 2 ou 3 alumnos e alumnas, analizou más dunha ducia de personalidades portuguesas que mantiveran contacto con intelectuais galeguistas na procura da irmandade lingüística e cultural galego-portuguesa por volta do período histórico da II República Española. O resultado final da investigación plásmase nun libro dixital.

### **Lengua Castellana: Mujeres libres**

Entre 1936 e 1938 viron a luz 13 números da revista *Mujeres Libres*, creada por Amparo Poch, Lucía Sánchez Saornil e Mercedes Comaposada. Nela publicaban artigos de todo tipo dirixidos ás mulleres. Baseándonos na lectura destas publicacións, o alumnado de 3º ESO e o de agrupamento deste nivel converteu a aula nun taller de redacción, selección, lectura e edición, publicando finalmente o nº 14 desta revista.

### **Química: A luz invisible de Dorotea Barnés**

A Institución Libre de Enseñanza promoveu o acceso da muller á ciencia e creou bolsas de estudo que o facilitasen. Das carreiras das 36 mulleres científicas -dun total de 158 investigadores no centro máis prestixioso do momento- nada se soubo ata épocas recentes. Recuperar a figura de Dorotea Barnés, unha extraordinaria científica e espectroscopista, e doutras mulleres

que seguiron os seus pasos foi o obxectivo do traballo

desenvolvido polo alumnado de 1º Bacharelato. O resultado da súa investigación plásmase nun vídeo: *Trala luz invisible de Dorotea Barnés*, que resultou finalista no I Concurso Mujeres en Química, convocado pola Asociación de Químicos e o Ilustre Colegio de Químicos de la Comunidad Valenciana.

A investigación complementouse coa elaboración de infografías sobre outras científicas da II República.

### **Xeografía: Emulando os cadernos escolares da II República**

A publicación dos cadernos escolares da II República elaborados polo mestre de Teo, Bernardo Mato, asasinado en 1936, foi o punto de partida do noso traballo. Bernardo, incorporando á súa didáctica os principios pedagóxicos da II República, optou polo emprego sistemático do caderno no “quehacer del alumnado, pois a través deles “el niño trabaja en lugar de escuchar discursos”.

Fuxir das ferramentas dixitais e volver ao traballo analóxico e manual, ao tempo que se centra o proceso de ensino-aprendizaxe no alumno/a, foi o eixo destes cadernos escolares nos que a través dunha serie de debuxos guiados pola profesora se traballaron distintos aspectos curriculares da materia de xeografía como as formas de relevo continental e costeiro, o sistema solar, as capas da xeosfera, a realización de altimetrías ou perfís tipográficos...

|          |                  |                    |   |
|----------|------------------|--------------------|---|
| Alemán   | Sagrario Torrado | 4º ESO,<br>1º Bach | <b>Atlantismo: Generation Wir</b><br><a href="#">Mapa interactivo realizado con Google earth</a>  |
| Bioloxía | Rosa Blanco      | 4º ESO,<br>1º Bach | <b>A escola da vida</b><br><a href="#">Infografías , cápsula do tempo, materiais cápsula do tempo</a><br><a href="#">cadernos de Ciencias, produtos audiovisuais, exposiciones ...</a><br><a href="#">Múltiples traballos</a> |

|                     |   |                              |  |
|---------------------|---|------------------------------|--|
| Debuxo Artístico    | Natalia Val                                       | 2º Bach                      | <b>O que nos contan os carteis</b><br><a href="#">Reprodución de cartelaría da época e deseño de carteis para o noso proxecto</a>  |
| Economía            | Andrés Fariña                                     | 1º Bach                      | <b>Do local ao social (Libro dixital)</b>  |
| Educación Física    | Juan Oruezabala<br>Antonio González               | Todos os niveis              | <b>O deporte: primeira arma feminista</b><br>Traballos de investigación na aula, presentacións e <a href="#">xogo interactivo As Hockeywomen dos anos 30</a>   |
| EDL Grupo de Teatro | Sagrario Torrado<br>Daniel Baamonde               | 4º ESO                       | <a href="#">Representación teatral</a>   |
| Francés             | Rosaura Rodríguez                                 | 2º e 3º ESO                  | <b>II República e III République française- connexions</b><br><a href="#">Collage, infografías</a>   |
| Lingua Galega       | Alexandra Pacheco<br>Carme Moure<br>Olga Iglesias | 2º ESO<br>1º Bach<br>2º Bach | <b>Xogamos a estar vivas?</b><br><a href="#">Xelminovas feminista (Telexornal)</a><br><br>40 Entrevistas (só subimos ás redes unha mostra reducida:<br><a href="#">Encarna Otero</a> , <a href="#">Victor Santidrián</a> , <a href="#">Aurora Marco</a> , <a href="#">Roberto Aboal</a> , <a href="#">Sabela Hermida</a> , <a href="#">Manuel Calvelo</a> , <a href="#">Margarita Ledo</a> , <a href="#">Carme Vidal</a> ...);<br><br><a href="#">Infografías</a> 17 mulleres galegas <a href="#">roteiro virtual</a> ; vídeos divulgativos: <a href="#">Irmáns Fandiño R.</a> , <a href="#">Café Derby</a> , <a href="#">I República Galega</a> , <a href="#">R.Cadarso</a> , (máis de 100), o de <a href="#">María Miramontes</a> foi <a href="#">gañador do certame de Cinema Escolar Olloboi</a> , na categoría de divulgación; presentacións; |

|                         |   |                      |   |
|-------------------------|---|----------------------|---|
|                         |   |                      | <u>explicacións</u><br><u>do alumnado de 1º bacharelato nas</u><br><u>aulas de 2º ESO.</u>  |
| Imaxe<br>Son            | e Ricardo<br>Spencer                                      | 2º Bach              | <b>Republicurtas</b><br><u>Díaz Baliño, Isabel Ríos, Rodríguez</u><br><u>Cadarso e Misións Pedagóxicas</u>  |
| Inglés                  | Rodrigo Ruíz  | 4º ESO               | <b>Atlantismo: relación entre Galicia e Irlanda a comezos do séc. XX</b><br><u>Photocall Atlantismo e exposición</u><br><u>de 20 carteis</u> que conforman unha exposición.<br><u>traballo de investigación de aula.</u>        |
| Orientación             | Aurora Pérez<br>Carmela<br>Murcia<br>Natalia<br>Rodríguez | 1º,<br>2º,<br>3º ESO | <b>Exposición: O ensino na II República</b> , <u>questionario</u> para o seu visionado e organización dos grupos. <u>kahoot</u>   |
| Portugués               | Manuel Portas   | 1º Bach              | <b>Um sonho compartido</b><br><u>Ebook</u>  |
| Lengua<br>Castellana    | Carolina Bret   | 3º ESO               | <b>Mujeres libres</b><br>Edición, realizada polo alumnado, do<br><u>nº 14 da Revista Mujeres Libres</u>   |
| Química                 | Isabel Blanco   | 4º ESO               | <b>A luz invisible de Dorotea Barnés</b><br><u>Vídeo divulgativo que resultou finalista nacional</u><br><b>Científicas da II República, trala luz invisible de Dorotea Barnés</b><br><u>Infografías de mulleres científicas</u> |
| Historia e<br>Filosofía | Nieves López<br>Ana Riveiro<br>Berta Mata                 | 4º ESO               | <b>A escola da II República</b><br><u>Vídeo divulgativo</u>   |
| Xeografía               | Raquel<br>Iglesias  | 1º ESO               | <b>Emulando os cadernos de Xeografía da II República</b><br><u>Elaboración dos nosos propios</u>  |

Houbo ademais outras actividades ao longo do curso coas que, dende a Biblioteca, se procurou afondar neste período histórico. Así, foron obras de lectura dos nosos clubs: [\*O lapis do carpinteiro\*](#), no que se puxo en relación a versión literaria e a cinematográfica. Tamén [\*Los surcos del azar\*](#), que foi lectura do Club de Banda Deseñada.

Por outra banda celebramos o [Día da República](#). “Sea el libro nuestro mejor amigo” rezaba un dos preciosos carteis que se fixeron durante a II República para fomentar a lectura; con el, e con outros 20 más que promovían a necesidade de ler, fixemos unha exposición na entrada do centro. Na mesa que os acollía formamos a bandeira republicana con publicacións da nosa Biblioteca.

[O 21 de xuño demos a coñecer todo o traballo desenvolvido durante o curso](#) no noso PDI, con presentación do proxecto a cargo do grupo de teatro, dramatización da disputa do voto feminino, presentación do nº 14 de Mujeres Libres e do telexornal feminista Xelminovas. Posteriormente, [facíase un percorrido guiado cos grupos de ESO](#) polas dependencias da biblioteca que albergaban o resto dos traballos. Así mesmo, pasouse a todo o profesorado unha relación dos produtos audiovisuais realizados para visualizalos nesa última xornada do curso escolar.

## **6.- RECURSOS**

Contamos este curso con 10 computadores novos na Biblioteca, que dadas as dificultades do noso centro (2 aulas de Informática para o conxunto do alumnado), foron indispensables para levar a cabo o labor de investigación.

Estableceuse un calendario semanal, depositado en bedelería, no que había que anotarse e reservar horario previamente; para o seu uso tiña prioridade o profesorado e alumnado participante no PDI. Tamén contamos con dous micros

de solapa que se empregaron nas gravacións  
audiovisuais.

San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Tel.: 981546503 Fax: 981546550  
dxoie@xunta.gal

Así mesmo resultaron moi útiles as instalacións do Polo Creativo para a gravación do Telexornal, as curtametraxes e os offs de moitos produtos audiovisuais.

Ademais da bibliografía que figura a seguir, empregáronse moitos outros recursos que cada docente seleccionaba para o seu alumnado, tal como pode verse nos [documentos de mostra que xuntamos anteriormente.](#)

- Iglesias, A., Grandío, E: *O soño roto. Educación, sociedad e Política na Compostela Republicana.* Ed. Concello de Santiago (material pasado na reunión inicial a todo o profesorado participante no PDI).
- Otero, Encarna: *Mulleres en Compostela. Elas tamén contaron,* Ed. El Patito
- Mínguez, O., *Victoria viene a cenar.* Ed. Ediciones Irreverentes
- *Constitución de la República Española 1931.* Ed. Independently published
- Magallón, C., *Pioneras españolas en las Ciencias.* Ed. Consejo Superior de Investigaciones Científicas
- Ouro D., *¿Qué fue la Segunda República? Nuestra historia contada a los jóvenes.* Ed. Akal
- Paz, M., Santidrián, V., *Os cadernos escolares da II República.* Ed. Alvarellos
- Roca, P., *La Nueve. Les Républicains espagnols qui ont libéré Paris.* Ed. Delcourt
- Rodríguez, E., *A época da II República vista por Carlos Maside.* Ed. Xunta de Galicia
- *A memoria das mulleres. Homenaxe á escola represariada polo franquismo.* Ed. Concello de Pontevedra
- [Revista Mujeres Libres. Solidaridad Obrera](#)
- [La Educación Física durante la II República Española. Una visión avanzada de la Educación Contemporánea. El Institut Escola de la Generalitat.](#)
- [A Coruña das mulleres](#)
- [Album de mulleres.](#) Consello da Cultura Galega
- [Exposición Las misiones pedagógicas 1931-36](#)

- Keating E.F. (1990), *Afinidades Culturais entre Galicia e Irlanda*, Vigo, Galaxia

## 7.- IMPLICACIÓN

A implicación da comunidade educativa foi masiva. Participaron 16 departamentos, dun total de 21 departamentos que imparten clase en diúrno (81%). Ademais, contamos coa participación do grupo de teatro *Vai no dentista* e coa colaboración estreita do EDL e do Equipo de Igualdade durante todo o proceso.

Participaron todos os niveis de ESO e Bach de diúrno, un total de 552 alumnos/as, e- tal como se detallou anteriormente na descripción das actividades e dos produtos- todos os cursos abordaron o PDI dende máis dunha materia.

## 8.- DIFUSIÓN

Somos moi activos nas redes. A Biblioteca conta con tres canles de comunicación social e cunha actividade praticamente diaria en todas elas:

Blog, Instagram e Facebook, ademais dunha canle propia de [Youtube](#).

Das 173 entradas publicadas este curso no [Blog](#) e no [Facebook](#), a inmensa maioría teñen por finalidade divulgar actividades dos clubs de lectura ou de Tecendo Identidade(s). Outro tanto ocorre coas máis de 112 entradas subidas este curso a [Instagram](#). Así como o [roteiro virtual de Google Maps](#).

Dentro do centro, contamos á entrada cun espazo propio para divulgar actividades da Biblioteca, entre elles as de Tecendo Identidade(s). Ademais, colocamos cartelaría nas principais dependencias, así como [un plotter xigante que dá conta dos traballos realizados e dos departamentos implicados](#).

## 9. AVALIACIÓN

A avaliación que facemos do proxecto é moi positiva, tal como pode deducirse da calidade e cantidade de produtos elaborados. Cada un dos traballos foi

avaliado na súa respectiva materia, a través de rúbricas, listas de cotexo, autoavaliamación... e repercutiu na nota do curso, segundo a porcentaxe establecida polo profesorado en cadansúa programación.

O feito de ser o segundo ano que levabamos a cabo o PDI, facilitou o proceso para nós e para o conxunto do profesorado que xa participara anteriormente e/ou coñecía o modus operandi.

## 10.- BIBLIOTECA

Leais ao principio republicano que facía das bibliotecas centros dinamizadores da cultura e do saber, convertémonos no principal motor da vida do centro. A Biblioteca elaborou o PDI, dinamizou e coordinou todo o proceso, respondendo así ao establecido na presente convocatoria:

- Facilitando fontes de información e adquirindo obras de consulta segundo as necesidades do proxecto.
- Converténdose nun espazo expositivo
- Exercendo un papel clave na difusión e visibilidade das diferentes propostas, a través das súas propias redes sociais e plataformas dixitais.
- Achegando ao alumnado fontes, espazo físico, e infraestrutura para os labores de investigación.
- Promovendo a formación, tanto para o alumnado como para o profesorado.
- Elaborando materiais para o uso das fontes informativas e do traballo documental.

Consideramos que grazas a este PDI, a biblioteca do IES Xelmírez I gañou unha indiscutible centralidade no proceso de aprendizaxe do noso alumnado.